



**DEPUTACIÓN DE LUGO**  
Área de Cultura e Deporte

Antón Bao Abelleira  
Vicepresidente

Antonio Veiga Outeiro  
Deputado delegado

**MUSEO PROVINCIAL DE LUGO**  
Aurelia Balseiro García  
Directora

**CATÁLOGO**

**Edición**  
Museo Provincial de Lugo  
Servizo de Publicacións da  
Deputación de Lugo

**Coordinación**  
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez

**Textos**  
Aurelia Balseiro García  
Margarita Ledo Andión  
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez  
Sofía Otero Álvarez

**Fotografía**  
Javier Calvo/Difoto  
Germán Limeres  
Luis Moscardó

**Posproducción fotográfica**  
Paco Mora

**Colaboración gráfica**  
Jorge Carla Bajo  
Iván Prieto  
Bernardo Tejeda

**Deseño e maquetación**  
ta ta ta

**Impresión**  
Unicopia

ISBN: 978-84-8192-445-9  
Depósito legal: LU-310-2010

Primeira edición, outubro de 2010

© **da presente edición** Museo Provincial de Lugo  
© **dos textos** os seus autores  
© **das fotografías** os seus autores

**EXPOSICIÓN**

**Dirección e coordinación**  
Aurelia Balseiro García

**Produción**  
Bernardo Tejeda

**Textos sala**  
Luis Pimentel  
Margarita Ledo Andión

**Montaxe**  
ta ta ta  
Unidade de Mantemento  
do Museo Provincial de Lugo

Sala do Pazo de San Marcos  
14 de outubro a 12 de decembro  
de 2010

**AGRADECEMENTOS**

Araceli Herrero Figueroa, de cuxo libro  
*Luis Pimentel. Obra inédita o no recopilada*  
están extraídos os poemas e títulos das obras.  
Rosa Espert, Sol Pons, David Zhou,  
Juan Moscardó, Amparo Zaragoza,  
Jesús Cisneros, Amparo Tejeda,  
Benedicto Tejeda, Pepe Cosín...  
e especialmente á familia de Luis Pimentel:  
Pilar Fernández Vázquez,  
Covadonga Fernández Vázquez  
e Francisco Basanta Piñeiro.

Un ceo  
de farrapos Luis  
Moscardó

As paredes do cuarto onde traballaba Luís Pimentel, segundo testemuño escrito que nos deixou Ánxel Fole nun artigo de prensa dos anos cincuenta, estaban cheas de cadros de pintores galegos: Arturo Souto, Xesús Corredoyra, un pequeno óleo de Villafínez e unha estampa de Arcadio Romero Boelle... Dende os balcóns daquela estancia —clara e cómoda, escribe Fole— podía verse nunha mañá de outono como xogaban unhas meniñas baixo a fronda da Alameda. Velaí dúas referencias esenciais na vida e na obra de Pimentel: a pintura e a Praza Maior de Lugo

É moi coñecida a relación que o poeta mantivo ao longo da súa vida coa pintura e cos pintores. Sendo moi novo pousou como modelo para, cando menos, dúas obras de Corredoyra, que traballaba entón no seu chalé do carril dos Loureiros onde o visitaban con frecuencia Fole e Pimentel. A participación literaria de Luís Pimentel naquela aventura vangardista lucense, capitaneada por Correa Calderón, que foi a revista “Ronsel” propiciou tamén o contacto do poeta con outros artistas plásticos como Ánxel Xohán ou cun Álvaro Gil, que chegaría a ser co tempo un grande coleccionista de arte, e exercía daquela como crítico nas páxinas da revista. Nos anos trinta Pimentel foi retratado por Arturo Souto, figura clave do chamado movemento renovador da arte galega.

Esa estreita relación de Pimentel coa pintura parece querer perpetuarse moitos anos despois da súa morte. Un pintor valenciano, vinculado coa Terra Chá luguesa, onde vive e traballa boa parte do ano, Luis Moscardó, repara na poesía de Pimentel e decide afondar nela para crear unha serie de obras que se abeiran baixo o ámbito protector dun verso de Pimentel, *un ceo de farrapos*, e outros moitos versos de Pimentel moven a alma e a man do artista para situarnos fronte a medio cento de obras que rescatan, cun traballo minucioso e exquisito, o espírito esencial deses versos para trazaren en imaxes palpables e visibles as imaxes poéticas creadas polo médico lugueés.

O resultado deste traballo está á vista neste catálogo que agora editamos e na mostra que, programada e organizada polo Museo Provincial de Lugo, poderemos ver na Sala do Pazo de San Marcos ao longo deste outono de 2010. Cómpre agradecer o esforzo de Luis Moscardó por axudarnos a reler e comprender a Pimentel e por ofrecernos este anovador rostro da súa poesía, unha poesía que definía Fole no mesmo artigo como “fonda, un tanto angustiada, envolta en luz melancólica”.

### **Antón Bao Abelleira**

Vicepresidente da Deputación de Lugo

A fascinación que a obra de Luís Pimentel produciu en Luis Moscardó fixo que esta se reflectise na súa produción artística como inspiración, motivo e pretexto. Os versos do poeta instaláronse, dalgunha maneira, no imaxinario persoal do artista e chegaron mesmo a invadir outras facetas da súa vida, converténdose para el o mundo pimenteliano nun *leivmotiv*.

A relación da literatura coas artes plásticas é unha constante ao longo da historia e na mostra que Luis Moscardó ofrece agora no Museo Provincial de Lugo, *Un ceo de farrapos*, tamén se afonda nesta frutífera unión. As obras de Moscardó aparecen estreitamente vinculadas aos versos de Pimentel nun equilibrado e lúcido xogo de imaxes e palabras que se sosteñen mutuamente e que, sen dúbida, contribuirán a achegarlle unha visión novidosa, orixinal e chea de matices enriquecedores sobre obra do poeta lucense ao público que visite a sala de exposicións do Pazo de San Marcos, neste outono de 2010. A serie está composta de ao redor de medio centenar de *collages* con títulos alusivos aos versos que os inspiran.

Dentro da produción artística de Moscardó vemos, sobre todo na súa plenitude, unha inspiración oriental e unha poética de aparencia sinxela pero sempre complexa en simbolismos, que impregna toda a súa obra e que queda tamén patente nesta nova e inédita serie. Conxuga tamén de xeito natural a paisaxe galega, a literatura, os materiais e técnicas varias, as últimas tendencias conceptuais e figurativas... cuns resultados de notable interese. As súas obras son metáforas de cousas vividas, soños, alegorías, realidades que conmoven o espectador facéndoo partícipe do seu mundo creativo.

Quero agradecer, ademais das colaboracións para a montaxe e deseño da exposición, as achegas escritas de varios autores para esta publicación así como, por suposto, felicitar a Luís Moscardó por esta mostra que está en consonancia cunha traxectoria creativa de gran intensidade e calidade que, de seguro, continuará moito tempo.

**Aurelia Balseiro García**

Directora do Museo Provincial de Lugo

*A túa pelvis de seixo*  
O tafetá castaño  
A sombra  
Prata  
Do pradairo

Margarita Ledo Andión

# No reino de Luís Pimentel

Xoán Ramiro Cuba

No reino de Luís Pimentel, como deixou escrito Manuel María, *xa non hai bandeiras farrapentas só un anaco de luz limpa, perceptible soamente por aqueles que teñen o corazón limpo para soñar*. E velaí que chega un corazón limpo e entregado aos soños, coma o de Luis Moscardó, para mergullarse nos versos do poeta médico da cidade murada, para envorcarse e baleirarse neles buscando atopar entre as vellas bandeiras esfarrapadas un anaquiño de luz fulcral, recollelo e presentárnolo en *Un ceo de farrapos* como quen apaña a luz pequeniña dun vagalume e é quen de transformala nun enorme facho posuidor dunha lumarada cumprida, aínda que discreta, nada estridente nin feridora para que non nos queime os ollos ao mirala.

Porque as creacións plásticas de Moscardó antóllanseme a min coma as literarias de Pimentel: atraen a luz, transfórmana e pórtana en candeas para acabar espallándoa despois cunha elegancia case sagrada, coa calma dun paseo vespertino na alameda lucense e cun pouso de desacougo e amargura por todo o que dentro de nós nos van revelar ambos os dous, o poeta e o artista, co gume da súa perspicacia melancólica. Os dous Luíses atópanse e conxúranse para que brille a luz dende o día feliz en que Moscardó descobre, ao mellor paseando ao abeiro dos fluviais amieiros chairegos preto da súa casa de Castro de Rei, *a sombra do aire na herba*. Entón prodúcese esa atracción que Pimentel provoca nos lectores de poesía, nos buscadores de luces e luciñas, esas luciñas que son tan precisas para alimentar as almas nos atafegos da vida diaria e para revelar a existencia de ánimas en pena no territorio dos mortos no transmundo.



Daquela onde Pimentel escribe *el non ve nada*, todos comezamos a ver e a consumir as horas solitarias na procura do ceo que tamén está no po das ás (dos anxos fríos, das bolboretas efémeras, das aves solitarias...) como estaba, coas súas nubes azuis e brancas, reflectido no espello que transportaba un operario, mentres Pimentel o observaba dende a fiestra da súa casa luguesa. A luz do espello e tamén a do ceo que, por mor do milagre poético, acenderon versos no caderno ou se cadra no impreso dunha receita da consulta do poeta enviso, silandeiro e pescudador.



Para Pimentel a poesía é o gran milagre do mundo, un reino no que ata o máis brosmo e brután dos homes pode entrar sen luxar a maxia dese espazo único. Sucedeu que nese territorio entrou coa sensibilidade e a habelencia propia do poeta plástico, Luis Moscardó, que non tivo medo e, conmovido, atreveuse a meter as súas mans e poñerlle cores, bandeiras novas e mensaxes lúcidas a ese reino mancado moitas veces pola dor, a traxedia, a enfermidade e a morte. E Moscardó conquistou ese reino e fíxose forte nel, o artista chantou unha chea de bandeiras de papel, ese artificio marabilloso que terma das palabras e dos versos, e nese reino que como quería Dámaso Alonso é *un reino enloitado de branco*, ese loito paradoxal fíxose maxicamente visible e certo e no centro desas bandeiras campou a ollada pimenteliana, aluarada e tráxica, sobre o ser humano.

Luis Moscardó regresa agora unha vez máis ao reino de Pimentel, onde xa habitou dende sempre, mesmo antes de pisar o seu territorio inseguro e unha vez máis interpreta libremente os seus versos. Alí, onde a chuva colgaba a súa roupa, o artista —como el di— *respira paralelamente co poeta*, fala con el, escóitao en silencio para despois crear fendas e seres humanos con fisuras, desacougados e tristes, pero fermosos na súa desolación de papel.

Pimentel como aqueloutro poeta e médico, o portugués Miguel Torga, canta sen preguntarlle á musa se o canto é de terror ou de beleza. Moscardó que non lle ten medo ningún ás flores na noite, encola follas secas e avelaíñas nocturnas nos versos de Pimentel, sexan de terror ou de beleza, e dános claves novas e fermosas para coñecer mellor o escritor que amamos, dialoga con el, en longas camiñadas vespertinas pola Praza Maior de Lugo, a cidade ideal para un poeta enfermo... E o médico, digo, o poeta vaille declamando con voz pausada e grave coma quen di un diagnóstico:


---

*Volverei outra vez pola rúa alegre  
onde o sol xoga nas cornixas.  
Pensarás nos meus últimos zapatos,  
no meu último cigarro,  
no reloxo ao que aínda lle queda sangue  
e a lámpada que aínda ten corazón.  
Ti sabes soamente que volverei  
nos ollos dos cabalos negros.*

---








*Ni casi cielo existe.* 2009. Mixta/papel/lentzo. 112,5 x 76 x 5 cm



*Puente de niebla.* 2009. Mixta/papel/lentzo. 112,5 x 76 x 5 cm



S/T. 2010. Mixta/papel/lenzo. 38 x 56 x 5 cm



Os olhos queimados. 2009. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm

---

*Por el bosque cruzó  
la llama amarilla  
de la bandera.  
Tambores y cornetas  
en silencio...  
Luego. ¡Alto! El rumor de los árboles.  
(Brillante pájaro agudo,  
mordiendo un aire cansado.  
De plata, de fuego  
tus alas locas y dulces,  
mojándose en los dorados licores.  
Pesadilla, fatiga de tu vuelo.  
Contra los ojos, las sedas y los sueños.  
Muerto, muerto  
al amanecer en el polvo)*

---

---

*Polo bosque cruzou  
a lapa amarela  
da bandeira.  
Tambores e cornetas  
en silencio...  
Logo. Alto! O rumor das árbores.  
(Brillante paxaro agudo,  
mordendo un aire canso.  
De prata, de lume  
as túas ás loucas e doces,  
mollándose nos dourados licores.  
Pesadelo, fatiga do teu voo.  
Contra os ollos, as sedas e os soños.  
Morto, morto  
ao amencer no po)*

---





*Donde la lluvia colgaba su ropa (I)*, 2009. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm



*Donde la lluvia colgaba su ropa (II)*, 2009. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm



El poeta clavará una bandera. 2009. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm

---

...

Ahora, con sus manos,  
que llegaron envueltas  
en un triste y dulce terciopelo,  
tejen una sorda corona en este lugar  
donde la lluvia triste cae.  
Para vosotros, para vuestro amor  
el poeta clavará una bandera

---

...

---

...

Agora, coas súas mans  
que chegaron envoltas  
nun triste e doce veludo,  
tecen unha xorda coroa neste lugar  
onde a chuvia triste cae.  
Para vós, para o voso amor  
o poeta cravará unha bandeira

---


....



*Mais alá do mar.* 2008. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm




*Barco sin luces.* 2008. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm



*É no ve nada.* 2009. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm



*Una ola solitaria.* 2009. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm



*La heridatura*. 2009. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm

---

*Sin peso, las voces  
se han caído en este remanso de la noche,  
y llegan como un barco sin luces.*

...

*La noche tiró sus zapatillas sordas.  
La madrugada entra, descalza,  
con sus pies lívidos.*

---

---

*Sen peso, as voces  
caeron neste relanzo da noite  
e chegan coma un barco sen luces*

...

*A noite quindou as súas zapatillas xordas.  
A madrugada entra, descalza,  
Cos seus pés lívidos.*

---





S/T. 2010. Mixta/papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm



Charcos de sombras. 2010. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm



S/T. 2010. Mixta/papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm



S/T. 2010. Mixta/papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm

# “Só se pode levar a cabo o que xa é”

Acontecementos de vida, ecos e claridades, *collage* humano que sucede no rodar diario do tempo e da esencia das cousas. Acumulación de materia disposta a ser recortada, usada, interpretada e revivida. Esperando volver a ser a través doutras existencias, afirmando o pensamento de Heidegger que nos delata: “só se pode levar a cabo o que xa é”.

Ese é o labor de Luis Moscardó. O artista parte da observación, dunha percepción sensitiva e sensorial do mundo, da vida, do cambiante da paisaxe -xa sexa humana ou non- e constrúe un mundo visual de imaxes que se debuxan para intentar de novo ser algo que xa foron, como un eco existencial que foxe da morte do tempo.

Os papeis non parecen o que son, camúflanse no proceso artístico adquirindo determinación co paso do tempo, coa oxidación que provoca o aire. Algúns están resgados deixando que o azar tamén participe, outros en cambio recortan formas con seguridade e precisión. Son retallos de materia que atopan a súa identidade ao ser co outro.

Moscardó busca entre os seus papeis coma se non os coñecera, coma se no seu buscar se deixara sorprenden no encontro de algo que xa resulta familiar e estraño a un tempo, case coma se buscara recordos afastados que non sabe se viviu. Busca no seu ceo de farrapos, de recortes, de cousas vellas esquecidas para facelos vivir desde a morte do pasado. Cosidas, anoadas, salvadas da separatividade existencial.

Sofía Otero Álvarez



Igual que a néboa esvaece contornos no horizonte que fai da luz cegueira, a claridade aparente destas imaxes esconde matices que lles dan forma a dramas un tanto enteneceadores, ás veces, fríos e quentes a un tempo, dos personaxes que viven neles. Estes personaxes existen porque o artista os constrúe, os cuida e os rescata da soidade á que están condenados a través dunha narración fermosa e poética.

Da mesma maneira podemos encontrar en Luís Pimentel a figura dun poeta marcado fortemente pola súa mirada de sandador, de cuidador, de doutor que intenta salvarnos do medo ás nosas propias roturas e que, de forma nada impasible, rexistra as dores do ser humano —que son as súas propias— edificadas nos seus poemas. Vainos compoñendo como farrapos dunha realidade que doe e fai súa a través da súa soidade existencial.

Esta soidade, que comparte a obra dos dous artistas, non os illa nun lugar íntimo desconectado do mundo, senón que se manifesta como un recuncho de vida enraizado na máis pura verdade do existir, do sufrir e do deixar de existir; porque o fío que os une á realidade é a mesma poesía, xa sexa escrita ou visual, que emana de forma auténtica e sincera, como unha ponte entre o que ocorre ao redor e a mirada do que observa.

A universalidade dos poemas de Luís Pimentel vai máis alá da mera representación dun feito, dun posicionamento, dun grito de rebeldía. Os seus poemas son interrogantes froito dunha experiencia colectiva, dunha incapacidade para dixerir a senrazón e soidade humana,



non de forma contestataria senón desde o silencio e desde a complicidade íntima, desde o drama do cotián.

Pimentel parte desa situación persoal e profunda desexando ser e estar nel mesmo, debuxándose só, coma unha marioneta liberada das ataduras que o fan moverse. Unha marioneta rota, sen mans nin pés, pero sendo ao fin.

Os personaxes que habitan as caixas transparentes e frías tamén buscan esa liberación en si mesmos, seres que, como o poeta, veñen de romper os fíos que os mantiñan suxeitos, aínda ríxidos, a punto de construírse de novo, configurando a historia que de verdade queren representar.

As poesías visuais son camiños por onde danzan anxos e demos, homes, animais, nenos, paisaxes e interrogantes —meteoroloxías de vida- nas que a contemplación, o erotismo, a soidade e a morte se mesturan e se superpoñen de forma velada para que unhas e outras non se oculten, non se tapen, non desaparezan de todo e se mostren de forma simultánea.

E cal é o obxectivo último de toda esta paisaxe, deste ceo de farrapos? Cal é a táboa de madeira en medio deste naufraxio de vida? Por que facer poesía? Por que facer arte cando o mapa humano, a angustia do existir se manifesta a diario?.

Hai nestes artistas unha esperanza de curación. A propia poesía constrúese como a medicina que nos salva e nos afasta dese sufrir a través da beleza, aínda que esa beleza sexa o reflexo do noso drama transformado. Esta esperanza, ese reflexo do que verdadeiramente é vital, do poeticamente belo e trágico a un tempo encóntrase na obra que Luis Moscardó nos presenta. Non é o mesmo contexto, non é o mesmo mirar. O pintor edifica a poética pimenteliana e faina imaxe a través da súa propia experiencia, pero hai, no facer, un corpo común que une a ambos os dous autores.



*Dura seda*. 2010. Mistra/papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm



*Miller de terra molhada*. 2010. Mistra/papel/lenzo. 49 x 34 x 5 cm



S/T. 2010. Mixta/papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm



Bandeiras batidas, esfarrapadas. 2010. Mixta/papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm



*Nadie llegará a nuestra puerta*. 2010. Mixta/papel/lenzo, 56 x 38 x 5 cm



*Casi sin cuerpo*. 2010. Mixta/papel/lenzo, 56 x 38 x 5 cm




*Esperando, absorto.* 2010. Mixta/papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm



Com Jorge Caria. *Dos seus caminhos chegamos outro berra.* 2010. Mixta/papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm





Con Jorge Caria. *Boca negra*. 2010. Mixta/papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm



Con Jorge Caria. *Las voces caen*. 2010. Mixta/papel/lenzo. 112,5 x 76 x 5 cm



S/T. 2010. Mixta/ papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm

---

*Ven, ven pronto,  
que ya mis muslos  
están en sombra.  
(La tarde, lenta, va por el río).*

---

---

*Ven, ven axiña,  
que xa as miñas coxas  
están en sombra.  
(A tarde, lenta, vai polo río).*

---



*Nuestros cabellos son ya de hierba.* 2010. Mixta/papel/lenzo. 56 x 38 x 5 cm



*Sabor a ropa.* 2010. Mixta/papel/lenzo. 38 x 56 x 5 cm



Con Iván Prieto. *Bule, birra, chora*. 2010. Mixta/papel/lenzo. 65,5 x 40,5 x 5 cm



Con Iván Prieto. *Chegou o día coas áas sucias*. 2010. Mixta/papel/lenzo. 92,5 x 64,5 x 5 cm



*Luvia en silencio*. 2010. Mixta/papel/lentzo. 112,5 x 76 x 5 cm



Con Bernardo Tejeda. *Estancia de sueño*. 2010. Mixta/papel/lentzo. 112,5 x 76 x 5 cm

---

*Pájaro no es nada.*

*No tiene alas.*

*El niño dijo:*

*—Vin un paxaro...*

*Y las manos se nos escaparon  
a los árboles.*

*Un bloque de cristal  
ante el molino.*

*La sombra mojada del umbral  
bajo los árboles.*

*El espacio encendido de verde.*

*El niño dijo:*

*—Arriba canta un merlo...*

*Y el aire se hizo flauta.*

*Paloma, palabra  
sin plumas, fría.*

*El niño dijo:*

*—Teño unha pomba...*

*Y las manos se pusieron tibias, huecas;  
se hicieron nidos.*

*Sobre la ciudad  
una lluvia fina cae.*

*El niño dijo:*

*—Este orvallo...*

*Y sobre nuestro corazón  
comenzó a llover dulcemente.*

---

---

*Paxaro non é nada.*

*Non ten ás.*

*O meniño dixo:*

*—Vin un paxaro...*

*E as mans escapáronnos  
ás árbores.*

*Un bloque de cristal  
diante do muiño.*

*A sombra mollada do limiar  
baixo as árbores.*

*O espazo acendido de verde.*

*O meniño dixo:*

*—Arriba canta un merlo...*

*E o ar fíxose frauta.*

*Pomba, palabra  
sen plumas, fría.*

*O meniño dixo:*

*—Teño unha pomba...*

*E as mans puxéronse mornas, ocas;  
fixéronse niños.*

*Sobre a cidade  
unha chuvía fina cae.*

*O meniño dixo:*

*—Este orvallo...*

*E sobre o noso corazón  
comezou a chover docemente.*

---






*Ojos, peces y navajas.* 2010. Mixta/papel/lienzo. 112,5 x 76 x 5 cm



*S/T.* 2010. Mixta/papel/lienzo. 112,5 x 76 x 5 cm




**Obra Gráfica de Luis Moscardó sobre poemas de Luís Pimentel. 2009**

Consta de sete impresións con tintas de conservación sobre papel de algodón de trescentos dez gramos, asinadas e numeradas polo autor do un ao trinta. Os poemas seleccionáronse do libro *Luís Pimentel. Obra inédita o no recopilada*, edición de Araceli Herrero Figueroa, publicado pola Editorial Celta de Lugo en mil novecentos oitenta e un. Bernardo Tejeda realizou a dirección de arte, Lola Espinosa e Rafa Martínez (La Futura) encadernaron, Javier Calvo fixo as reproducións e Paco Mora foi quen as editou.










**Libro de autor: Pes Blanc (les cornises no tenen àngels). Luís Pimentel / Luis Moscardó. 2007**

Esta edición foi realizada con motivo da exposición na galería Trama de Barcelona e a complicitade de Joan Antón Maragall. Está composto por nove *collages* orixinais de Luis Moscardó e poemas de Luís Pimentel pertencentes aos libros *Barco sin Luces*, *A Sombra do aire na Herba* e *Otros Poemas*. A tradución ao catalán fixérona Helena González e Fina Iglesias. Bernardo Tejeda compuxo os textos e Sánchez & Priebe encadernárono.


Colección Museo Provincial de Lugo





Pes blanc. Técnica mixta sobre papel. Diferentes medidas. 2007





Pes blanc. Técnica mixta sobre papel. Diferentes medidas. 2007



# Luis Moscardó

Beniganim (Valencia), 1950

## EXPOSICIONS INDIVIDUALS

[2010] 'Un Ceo de Farrapos'. Pazo de San Marcos. Museo Provincial de Lugo. / 'Viaje de Invierno'. Galería Trama. Barcelona. [2009] 'Azoe, Azogue, Aire'. Galería Clérigos. Lugo. [2007] Galería Trama. Barcelona / 'El Linde del Bosque'. Galería Trama. Madrid. [2006] Galería Punto. Valencia. [2005] Galería Trama. Barcelona / Galería Clérigos. Lugo. [2004] Galería Italia. Alacant / Galería Trama. Madrid. [2003] Sala Pelaires. Palma de Mallorca / Galería Punto. Valencia. [2002] One man show. Fiac. París. Galería Punto. [2001] Galería Punto. Valencia. [1999] Art DK. Copenhagen. Dinamarca. [1997] 'Igualdad es diferencias'. Sala Juana Francés. Alacant. Consellería de Cultura. Generalitat Valenciana / 'Flúidos'. Galería Punto. Valencia. [1995] Galería Trinta. Santiago de Compostela. [1994] 'Vuelta abajo'. Serie Mala Memoria. Galería El Diente del Tiempo. Valencia. [1993] 'Mala Memoria'. Museet for Samtidskunst. Roskilde. Dinamarca. [1992] 'El café en Bagdad'. Galería Phal. París. [1991] 'Archipiélago'. Galería Cánem. Castelló. [1990] 'Archipiélago'. Galería ArteXerea. Valencia. [1987] Galería Luis Adelantado. Valencia. [1982] Galería El Mono Verde. Valencia.

## EXPOSICIONS COLECTIVAS

[2009] 'Bipolar'. Galería Bernardo Marqués. Lisboa. Portugal / 'Incisións'. Forte de San Damián. Ribadeo / 'Russafart'. Ibercaja. Valencia / 'Solutio'. Igrexa de Santo Domingo de Silos. Alarcón. Cuenca / 'Incisións'. Pazo San Marcos. Deputación de Lugo. [2008] ARCO 2008. IVAM. Madrid / ART MADRID. Galería Punto. Madrid / 'Abertal'. Museo Provincial de Lugo / Galería Artebronce. A Guarda. Pontevedra. [2007] ARCO 2007. Galería Punto. Madrid / VALENCIA ART. Galería Punto. Valencia. [2006] ARCO 2006. Galería Punto. Madrid / ART PARÍS. Grand Palais. Galería Punto. París / VALENCIA ART. Galería Punto. Valencia. [2005] ARCO 2005. Galería Punto. Madrid / ART COLOGNE. Galería Punto. Alemaña / Galería Trama. Madrid / Galería Clérigos. Lugo / VALENCIA ART. Galería Punto. Valencia. [2004] Galería Clérigos. Lugo / ARCO 2004. Galería Punto. Madrid / ART COLOGNE. Galería Punto. Alemaña / 'Travellingart: The American Tour'. The Founder's Hall Galery. UW-Manitowoc. Wisconsin. USA. [2003] ARCO 2003. Galería Punto. Madrid / 'Travellingart: The American Tour'. Institute of Arts & Desing. Milwaukee. Wisconsin. USA / ART COLOGNE. Galería Punto. Alemaña / 'Botella ao mar'. Casa das Artes. Vigo / 'Botella ao mar'. Auditorio. Santiago / Estampa 03. Galería Argenta. Madrid. [2002] ARCO 2002. Galería Punto. Madrid / FIAC. París. Galería Punto. Francia / ART COLOGNE. Galería Punto. Alemaña / 'Por un tempo de aquí, a tres'. Xornadas de Cultura Chairega. Castro de Rei. [2001] ARCO 2001. Galería Punto. Madrid / CHICAGO ART. Galería Punto. EEUU / ART A L'HOTEL. Galería Claramunt. Valencia / VII Mostra Unión Fenosa. A Coruña / ART COLOGNE. Galería Punto. Alemaña. [2000] ARCO 2000 / Galería Punto. Madrid / CHICAGO ART. Galería Punto. EEUU / FIAC. París. Galería Punto.



Francia / ART COLOGNE. Galería Punto. Alemaña / TIAF Toronto. Galería Punto. Canadá. [1999] ARCO 99. Galería Punto. Madrid / CHICAGO ART. Galería Punto. EEUU / VI Mostra Unión Fenosa. A Coruña. [1998] ARCO 98. Galería Punto. Madrid / 'Igualdad es Diferencias'. Academia de San Carlos. México D.F. Direcció General de Promoció Cultural, Museus i Belles Arts. Conselleria de Cultura. Generalitat Valenciana / ART COLOGNE 98. Galería Punto. Alemaña / 'Igualdad es Diferencias'. Instituto Cultural Cabañas. Guadalajara. México. Direcció General de Promoció Cultural, Museus i Belles Arts. Conselleria de Cultura. Generalitat Valenciana. [1997] ARCO 97. Galería Punto. Madrid / 'Igualdad es Diferencias'. Galería Via Larga. Palazzo Pinucci. Florencia. Direcció General de Promoció Cultural, Museus i Belles Arts. Conselleria de Cultura. Generalitat Valenciana / ART COLOGNE 97. Galería Punto. Alemaña / LINE ART. Gent. Galería Punto. Bélxica [1996] 'Milimínimos'. Sala de exposicións La Palmita. ULPGC / 'XXXIII Premio Bancaja de Pintura e Escultura'. Selección. Valencia, Castelló, Alacant, Albacete / FIAC 96. Galería Punto. París. Francia / ART COLOGNE 96. Galería Punto. Alemaña / LINE ART. Gent. Bélxica. [1995] 'Cambio de tercio'. Galería El Diente del Tiempo. Valencia. [1994] 'Espacio de Tensiones'. Galería Trayecto. Vitoria. Gasteiz. [1993] '7+1=7'. Galería El Diente del Tiempo. Valencia. [1991] 'En torno al Uno'. Galería Uno. Madrid. [1987] 'Sobre Papel'. Galería Greca. Barcelona. [1986] Interarte 86. Galería Luis Adelantado. Valencia.

## OBRA EN MUSEOS E COLECCIONS

Fundación Caixa Sabadell / Museo Provincial de Lugo / Deputación de Valencia / FMI. Feria Muestrario Internacional de Valencia / IVAM. Centro Julio González. Valencia / Museo do Construtivismo. Marbella. Málaga / Fundación Bancaixa / Colección Banco de Valencia / Museet for Samtidskunst. Roskilde. Dinamarca / Colección Iberdrola.





# En el reino de Luís Pimentel

Xoán Ramiro Cuba

En el reino de Luís Pimentel, como ha escrito el poeta Manuel María, *ya no hay banderas harapientas sólo un trozo de luz limpia, perceptible solamente por aquellos que tienen el corazón limpio para soñar*. Y he ahí que llega un corazón limpio y entregado a los sueños, como el de Luis Moscardó, para sumergirse en los versos del poeta médico de la ciudad murada, para volcarse y vaciarse en ellos buscando encontrar entre las viejas banderas deshilachadas un trocito de luz fulcral, recogerlo y presentárnoslo en *Un cielo de harapos* como quien captura la luz pequeñita de una luciérnaga y es capaz de transformarla en una enorme antorcha portadora de una llama generosa, aunque discreta, nada estridente ni hiriente para que no nos queme los ojos al mirarla.

Porque las creaciones plásticas de Moscardó se me antojan a mí como las literarias de Pimentel: atraen la luz, la transforman y la portan en candelas para acabar desparramándola después con una elegancia casi sagrada, con la calma de un paseo vespertino en la alameda lucense y con un poso de desazón y amargura por todo lo que dentro de nosotros nos van a revelar ambos, el poeta y el artista, con el filo de su perspicacia melancólica. Los dos Luises se encuentran y se conjuran para que brille la luz desde el día feliz en que Moscardó descubre, quizás paseando al abrigo de los fluviales alisos chairegos cerca de su casa de Castro de Rei, *a sombra do aire na herba*. Entonces se produce esa atracción que Pimentel provoca en los lectores de poesía, en los buscadores de luces y *luciñas*, esas luciñas que son tan necesarias para alimentar las almas en las dificultades de la vida diaria y para revelar la existencia de ánimas en pena en el territorio de los muertos en el transmundo.

Entonces donde Pimentel escribe *él no ve nada*, todos comenzamos a ver y a consumir las horas solitarias en la búsqueda del cielo que también está en el polvo de las alas (de los ángeles fríos, de las mariposas efímeras, de las aves solitarias...) como estaba, con sus nubes azules y blancas, reflejado en el espejo que transportaba un operario mientras Pimentel lo observaba desde la ventana de su casa lucense. La luz del espejo y también la del cielo que, a causa del milagro poético, encendieron versos en el cuaderno o tal vez en el impreso de una receta de la consulta del poeta ensimismado, silencioso y averiguador.

Para Pimentel la poesía es el gran milagro del mundo, un reino en el que incluso el más torpe y grosero de los hombres puede entrar sin manchar la magia de ese espacio único. Sucedió que en ese territorio entró con la sensibilidad y la habilidad propia del poeta plástico, Luis Moscardó, que no tuvo miedo y, conmovido, se atrevió a meter sus manos y ponerle colores, banderas nuevas y mensajes lúcidos en ese reino dañado muchas veces por el dolor, la tragedia, la enfermedad y la muerte. Y Moscardó conquistó ese reino y se hizo fuerte en él, el artista izó un montón de banderas de papel, ese artificio maravilloso que sostiene las palabras y los versos, y en ese reino que —como quería Dámaso Alonso— *es un reino enlutado de blanco*, ese luto paradójico se hizo mágicamente visible y certero y en el centro de esas banderas campó la mirada pimenteliana, alunada y trágica, sobre el ser humano.

Luis Moscardó regresa ahora una vez más al reino de Pimentel, donde ya habitó desde siempre, incluso antes de pisar su territorio inseguro y una vez más interpreta libremente sus versos. Allí, donde la lluvia colgaba su ropa, el artista —como él dice— *respira paralelamente con el poeta*, habla con él, lo escucha en silencio para después crear hendiduras y seres humanos con fisuras, desasosegados y tristes, pero hermosos en su desolación de papel.

Pimentel como aquel otro poeta y médico, el portugués Miguel Torga, canta sin preguntar a la musa si el canto es de terror o de belleza. Moscardó que no tiene miedo alguno a las flores en la noche, encola hojas secas y mariposas nocturnas en los versos de Pimentel, sean de terror o de belleza, y nos da claves nuevas y hermosas para conocer mejor al escritor que amamos, dialoga con él, en largas caminatas vespertinas por la Plaza Mayor de Lugo, la ciudad ideal para un poeta enfermo... Y el médico, digo, el poeta le va declamando con voz pausada y grave como quien dice un diagnóstico:

---

*Volveré otra vez por la calle alegre  
donde el sol juega en las cornisas.  
Pensarás en mis últimos zapatos,  
en mi último cigarro,  
en el reloj que aún le queda sangre  
y la lámpara que aún tiene corazón.  
Tú sabes solamente que volveré  
en los ojos de los caballos negros.*

---

*Tu pelvis de cuarzo*

El tafetán castaño

La sombra

Plata

Del 'pradairo'

Margarita Ledo Andión

Para Luis (a partir de un verso de Pimentel  
a Rosalía)

# “Solo se puede llevar a cabo lo que ya es”

Sofía Otero Álvarez

Acontecimientos de vida, ecos y claridades, *collage* humano que sucede en el rodar diario del tiempo y de la esencia de las cosas. Acumulación de materia dispuesta a ser recortada, usada, interpretada y revivida. Esperando volver a ser a través de otras existencias, afirmando el pensamiento de Heidegger que nos delata: “sólo se puede llevar a cabo lo que ya es”.

Esa es la labor de Luis Moscardó. El artista parte de la observación, de una percepción sensitiva y sensorial del mundo, de la vida, de lo cambiante del paisaje -ya sea humano o no- y construye un mundo visual de imágenes que se dibujan para intentar de nuevo ser algo que ya fueron, como un eco existencial que huye de la muerte del tiempo.

Los papeles no parecen lo que son, se camuflan en el proceso artístico adquiriendo determinación con el paso del tiempo, con la oxidación que provoca el aire. Algunos están rasgados dejando que el azar también participe, otros en cambio recortan formas con seguridad y precisión. Son retazos de materia que encuentran su identidad al ser con el otro.

Moscardó busca entre sus papeles como si no los conociera, como si en su buscar se dejara sorprender en el encuentro de algo que ya resulta familiar y extraño a un tiempo, casi como si buscara recuerdos lejanos que no sabe si vivió. Busca en su cielo de harapos, de recortes, de cosas viejas olvidadas para hacerlos vivir desde la muerte del pasado. Cosidas, anudadas, salvadas de la separatividad existencial.

Igual que la niebla desdibuja contornos en el horizonte que hace de la luz ceguera, la claridad aparente de estas imágenes esconde matices que dan forma a dramas un tanto enternecedores, a veces, fríos y calientes a un tiempo, de los personajes que viven en ellos. Estos personajes existen porque el artista los construye, los cuida y los rescata de la soledad a la que están condenados a través de una narración hermosa y poética.

De la misma manera podemos encontrar en Luis Pimentel la figura de un poeta marcado fuertemente por su mirada de sanador, de cuidador, de doctor que intenta salvarnos del miedo a nuestras propias roturas y que, de forma nada impasible, registra los dolores del ser humano -que son los suyos propios- edificados en sus poemas. Los va componiendo como jirones de una realidad que duele y hace suya a través de su soledad existencial.

Esta soledad, que comparte la obra de los dos artistas, no los aísla en un lugar íntimo desconectado del mundo, sino que se manifiesta como un rincón de vida enraizado en la más pura verdad del existir, del sufrir y del dejar de existir; porque el hilo que les une a la realidad es la misma poesía, ya sea escrita o visual, que emana de forma auténtica y sincera, como un puente entre lo que ocurre alrededor y la mirada del que observa.

La universalidad de los poemas de Luis Pimentel va más allá de la mera representación de un hecho, de un posicionamiento, de un grito de rebeldía. Sus poemas son interrogantes fruto de una experiencia colectiva, de una incapacidad para digerir la sinrazón y soledad humana, no de forma contestataria sino desde el silencio y desde la complicidad íntima, desde el drama de lo cotidiano.

Pimentel parte de esa situación personal y profunda deseando ser y estar en él mismo, dibujándose sólo, como un títere liberado de las ataduras que le hacen moverse. Un títere roto, sin manos ni pies, pero siendo al fin.

Los personajes que habitan las cajas transparentes y frías también buscan esa liberación en sí mismos, seres que, como el poeta, vienen de romper los hilos que les mantenían sujetos, aún rígidos, a punto de construirse de nuevo configurando la historia que de verdad quieren representar.

Las poesías visuales son caminos por donde danzan ángeles y demonios, hombres, animales, niños, paisajes e interrogantes -meteorologías de vida- en las que la contemplación, el erotismo, la soledad y la muerte se mezclan y se superponen de forma velada para que unas y otras no se oculten, no se tapen, no desaparezcan del todo y se muestren de forma simultánea.

Y ¿cuál es el objetivo último de todo este paisaje, de este cielo de harapos? ¿Cuál es la tabla de madera en medio de este naufragio de vida?, ¿Por qué hacer poesía? ¿Por qué hacer arte cuando el mapa humano, la angustia del existir se manifiesta a diario?.

Hay en estos artistas una esperanza de sanación. La propia poesía se construye como la medicina que nos salva y nos aleja de ese sufrir a través de la belleza, aunque esa belleza sea el reflejo de nuestro drama transformado. Esta esperanza, ese reflejo de lo que verdaderamente es vital, de lo poéticamente bello y trágico a un tiempo se encuentra en la obra que Luis Moscardó nos presenta. No es el mismo contexto, no es el mismo mirar. El pintor edifica la poética pimenteliana y la hace imagen a través de su propia experiencia, pero hay, en el hacer, un cuerpo común que une a ambos autores.



